



## O PROCESO DE BOLAÑA

Os Comités Abertos de Escola e Facultade, xa dende o ano 2003 vímonos posicionando contra a Declaración de Boloña e o seu desenvolvemento no Estado Español e na Galiza. Polo que supón de destrución do servizo público de ensino superior e o que supón de ameaza para un país como Galiza con un sistema universitario tan feble. A progresiva adaptación do noso sistema universitario ao Espazo Europeo de Educación Superior explica moitos dos problemas que os estudantes universitarios estamos a ter a día de hoxe.

### **A suba continua do prezo das taxas académicas**

Todos os anos observamos como aumenta o prezo da nosa nosa matrícula: na década pasada as taxas subiron unha media do 4% e no último ano un 5%. Non é unha suba arbitraria xa que sempre sobe por riba do IPC provocando unha segunda selectividade, desta volta, económica; ou sexa, provoca que non todo o mundo poida ter acceso a un servizo público de ensino superior.

### **A obrigatoriedade de asistir ás aulas**

Este deber xorde da idea de que os estudantes temos de ser profesionais do estudo, é dicir, estudantes a tempo completo. O sistema ECTS establece isto con horas de aulas presenciais, horas de estudo, horas de traballos e prácticas, horas de titorías e impide que nos poidamos pagar os nosos estudos traballando durante o curso.

### **Bolsas ou créditos bancarios**

A importancia da política de bolsas diminúe fronte aos créditos chamados brandos, que ofrecen algunhas entidades bancarias e que teñen de ser devoltos a estas cando cobrares do teu primeiro emprego, e poucos primeiros empregos son bos. Deste xeito, só cursaríamos carreiras coas que puidesemos amortizar rapidamente este endebedamento.

### **A importancia dos mestrados e posgraos**

Os estudos de posgrao e mestrados oficiais, a parte de seren moito máis caros e con menos prazas que os graos, son necesarios para garantir unha mínima inserción laboral e son consecuencia da implantación dos novos títulos.

### **En resumo:**

**Imos ter que estudar durante máis anos pola necesidade de cursar posgraos e mestrados, a costes máis altos debido ás taxas, e o prezo destes, teremos que estudar a tempo completo e endebedándonos até atopar un traballo co que devolvermos o crédito de estudo.**

**Mais isto non é imparábel. Se defendemos a universidade pública, garantimos o financiamento público das universidades galegas, paramos a suba das taxas, asumimos as competencias en política de bolsas, regulamos os mestrados e posgraos... estaremos parando Boloña.**

